



Fundación Educativa
Franciscanas Ana Mogas

Colexio Divina Pastora O Barco

**PLAN DE ADAPTACIÓN Á
SITUACIÓN COVID-19**

CURSO 2020-2021



Bilingüismo



Innovación



Pastoral



Confianza

Índice

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
Datos do centro.....	4
Medidas de prevención básica	4
Medidas xerais de protección individual	12
Medidas de limpeza.....	15
Material de protección	17
Xestión dos abrochos.....	18
Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade	19
Medidas de carácter organizativo	20
Medidas en relación coas familias e ANPA.....	23
Medidas de uso do comedor	25
Medidas específicas para o uso doutros espazos.....	29
Medidas especiais para os recreos	30
Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria.....	31
Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres.....	33
Medidas específicas para alumnado de NEE	34
Previsións específicas para o profesorado	35
Medidas de carácter formativo e pedagógico	36
ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19.....	41
ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE.....	42
ANEXO III. REXISTRO LIMPEZA ASEOS.....	43
ANEXO IV REXISTRO VENTILACIÓN AULAS.....	43
ANEXO V PROTOCOLO COVID PLANOS CENTRO.....	44

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A educación é un dereito fundamental de todos os cidadáns, consagrado pola nosa Constitución que no seu artigo 27 esixe das administracións públicas a súa garantía. O contexto epidemiolóxico, sanitario e de saúde pública actual permite o inicio deste proceso de normalización progresiva da actividade, denominado reactivación, que está sendo avaliado de maneira continua polo sistema sanitario de saúde pública para comprobar a súa efectividade e acompañarase da introdución doutras medidas específicas que se deberán manter máis alá da fase pandémica.

Nas últimas semanas tense producido un incremento dos gromos en todo o territorio español que xeran inxuedanza na comunidade educativa. Este aspecto, xunto co maior coñecemento que se ten sobre a propagación do virus, así como novas científicas e manifestacións de organismos internacionais fan preciso modificar algunhas das previsións do protocolo datado o 22 de xullo e así a Consellería de Educación publica o 31 de agosto o Plan de Adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros Ensino non Universitario de Galicia.

Tomando como punto de partida este plan e as súas modificacións, no noso colexio facemos unha adaptación e contextualización tendo en conta a nosa realidade e as nosas necesidades pedagóxicas e físicas.

A transmisión do SARS CoV-2 é unha realidade da nosa sociedade e posiblemente non se poida eliminar a curto prazo, por iso no noso colexio manteremos todas as medidas necesarias para evitar a aparición de gromos. Ademais, todo o profesorado estará implicado na formación dos alumnos para a prevención e tamén na hixienización e desinfección. A colaboración entre o noso colexio e as familias sempre é moi estreita e cercana, pero nestes momentos aínda o será máis, xa que as familias terán a responsabilidade de facer unha autoenquisa diaria e non mandar aos alumnos se presentasen algunha sintomaloxía do COVID-19, así como avisar inmediatamente ao Equipo Covid se así fora. Deste xeito, coa colaboración Familia-Colexio, e cun pequeno esforzo entre todos, manteremos un control de tódalas medidas que se piden dende a Consellería de Educación.

En todas as Etapas Educativas do centro, ademais da nosa obriga na concienciación das medidas de hixiene, e na formación e aprendizaxe dos alumnos, este curso lectivo o equipo docente prestará especial atención ao desenvolvemento persoal e afectivo-emocional dos cativos, xa que esta situación que é nova para todos, pode ser máis desconcertante para eles.

Este é un Plan vivo que estará en continua revisión segundo as novas do avance ou retroceso da situación epidemiolóxica e adaptándose sempre da forma máis efectiva á nosa realidade física e docente.

1. Datos do centro

Código	Denominación
32001661	COLEXIO PLURILINGÜE DIVINA PASTORA

Enderezo		C.P.
R/ VALLE INCLÁN - 2		32300
Localidade	Concello	Provincia
O BARCO DE VALDEORRAS	O BARCO DE VALDEORRAS	OURENSE
Teléfono	Correo electrónico	
988347058	cpr.divina.pastora.obarco@edu.xunta.es	
Páxina web		
https://divinapastoraobarco.anamogas.org/		

Id. Medidas de prevención básica

2. Membros do equipo COVID

Teléfono do centro e teléfono móbil de contacto		988 34 70 58 660380608
Membro 1	María José González Rodríguez	Cargo Directora
Suplente:	Estefanía Pilar García Rodríguez	Xefa de Estudos
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Nomear membros e suplentes no equipo covid. • Interlocución coa administración e co centro de saúde de referencia. • Coordinación do equipo covid. • Xestionar a adquisición de material de protección necesario. • Comunicación de casos • Distribución e colocación da cartelería COVID no centro. • Elaboración do Plan de Adaptación e de continxencia • Xestión e coordinación de abrochos. • Distribución da información e das novas das distintas situacións que xurdan durante a situación epidemiolóxica. 	

Membro 2	María Elena Arias Delgado	Cargo	Coordinadora Ed. Infantil
Suplente:	M ^a del Carmen Páramo Arias		Coordinadora Ed. Infantil – Equipo Directivo
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Elevar as propostas do equipo docente de Educación Infantil. • Coordinar as entradas e saídas do alumnado de infantil. • Garantir a difusión da información ao profesorado de infantil e ás familias. • Elaboración do Plan de Adaptación e de Continxencia do Covid 19 para o presente curso 2020-2021. • Xestión de abrochos entre o persoal do centro (docente ou non docente). • Distribución e colocación da cartalaría Covid no centro. • Distribución da información e das novas das distintas situacións que xurdan durante a situación epidemiolóxica. 		
Membro 3	Ana Belén Amigo Vázquez	Cargo	Coordinadora 1º, 2º e 3º E. Primaria
Suplente:	Ana Belén Real Alvarez		Coordinador Ed. Primaria – Equipo Directivo
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Elevar as propostas do equipo docente de Educación Primaria. • Coordinar as entradas e saídas do alumnado de primaria. • Garantir a difusión da información ao profesorado de primaria e ás familias. • Elaboración do Plan de Adaptación e de Continxencia do Covid 19 para o presente curso 2020-2021. • Xestión de abrochos entre o persoal do centro (docente ou non docente). • Distribución e colocación da cartalaría Covid no centro. • Distribución da información e das novas das distintas situacións que xurdan durante a situación epidemiolóxica. 		
Membro 4	Sergio Romero Rodríguez	Cargo	Coordinador ESO
Suplente:	Aurelio Prada Fernández		Profesor ESO – Coordinador Pastoral Equipo Directivo
Tarefas asignadas	<ul style="list-style-type: none"> • Elevar as propostas do equipo docente de Educación Secundaria. • Coordinar as entradas e saídas do alumnado de Secundaria • Garantir a difusión da información ao profesorado de Secundaria e ás familias. • Elaboración do Plan de Adaptación e de Continxencia do Covid 19 para o presente curso 2020-2021. • Xestión de abrochos entre o persoal do centro (docente ou non docente). • Distribución e colocación da cartalaría Covid no centro. • Distribución da información e das novas das distintas situacións que xurdan durante a situación epidemiolóxica. 		

Centro de saúde de referencia			
Centro	CENTRO DE SAÚDE DO BARCO DE VALDEORRAS	Teléfono	988 32 61 95

4.	Espazo de illamento (determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de
-	Espazo situado na planta baixa do edificio, na sala de titoría 4 ubicada preto da entrada principal do colexio e da zona de secretaría.
-	Contará con:
-	-material de protección individual como luvas e máscaras cirúrxicas
-	-panos desbotables
-	-dispensador de xel hidroalcohólico
-	-papeleira de pedal
-	-bata desbotable
-	-pantallas faciais
-	-ventilación adecuada

5.	Número de alumnos e alumnas por nivel e etapa (engadir unha fila por nivel e etapa e indicar o	
	Educación Infantil – 3 ANOS A	11
	Educación Infantil – 3 ANOS B	10
	Educación Infantil – 4 ANOS A	16
	Educación Infantil – 4 ANOS B	15
	Educación Infantil – 5 ANOS A	14
	Educación Infantil – 5 ANOS B	14
	Educación Primaria – 1º A	12
	Educación Primaria – 1º B	12
	Educación Primaria – 2º A	12
	Educación Primaria – 2º B	13
	Educación Primaria – 3º A	19
	Educación Primaria – 3º B	19
	Educación Primaria – 4º A	23
	Educación Primaria – 4º B	22
	Educación Primaria – 5º A	14
	Educación Primaria – 5º B	15
	Educación Primaria – 6º A	15
	Educación Primaria – 6º B	15
	Educación Secundaria – 1º ESO A	18
	Educación Secundaria – 1º ESO B	18

Educación Secundaria – 2º ESO A	22
Educación Secundaria – 2º ESO B	22
Educación Secundaria – 3º ESO A	22
Educación Secundaria – 3º ESO B	24
Educación Secundaria – 4º ESO A	17
Educación Secundaria – 4º ESO B	16

6. Cadro de persoal do centro educativo (unicamente número de efectivos)	
PROFESORADO	43
SECRETARÍA	1

7. Determinación dos grupos estables de convivencia (engadir unha táboa por grupo)

Etapa	INFANTIL	Nivel	4º	Grupo	A
Aula	3 ANOS A	Nº de alumnado asignado	11	Nº de profesorado asignado	3

Etapa	INFANTIL	Nivel	4º	Grupo	B
Aula	3 ANOS B	Nº de alumnado asignado	10	Nº de profesorado asignado	4

Etapa	INFANTIL	Nivel	5º	Grupo	A
Aula	4 ANOS A	Nº de alumnado asignado	16	Nº de profesorado asignado	4

Etapa	INFANTIL	Nivel	5º	Grupo	B
Aula	4 ANOS B	Nº de alumnado asignado	15	Nº de profesorado asignado	3

Etapa	INFANTIL	Nivel	6º	Grupo	A
Aula	5 ANOS A	Nº de alumnado asignado	14	Nº de profesorado asignado	4

Etapa	INFANTIL	Nivel	6º	Grupo	B
Aula	5 ANOS B	Nº de alumnado asignado	14	Nº de profesorado asignado	3

Etapa	PRIMARIA	Nivel	1º	Grupo	A
Aula	1ªA	Nº de alumnado asignado	12	Nº de profesorado asignado	5

Etapa	PRIMARIA	Nivel	1º	Grupo	B
Aula	1ªB	Nº de alumnado asignado	12	Nº de profesorado asignado	5

Etapa	PRIMARIA	Nivel	2º	Grupo	A
Aula	2ªA	Nº de alumnado asignado	13	Nº de profesorado asignado	6

Etapa	PRIMARIA			Nivel	2º	Grupo	B
Aula	2ºB	Nº de alumnado asignado	13	Nº de profesorado asignado		6	

Etapa	PRIMARIA			Nivel	3º	Grupo	A
Aula	3ºA	Nº de alumnado asignado	19	Nº de profesorado asignado		6	

Etapa	PRIMARIA			Nivel	3º	Grupo	B
Aula	3ºB	Nº de alumnado asignado	19	Nº de profesorado asignado		5	

Etapa	PRIMARIA			Nivel	4º	Grupo	A
Aula	4ºA	Nº de alumnado asignado	23	Nº de profesorado asignado		5	

Etapa	PRIMARIA			Nivel	4º	Grupo	B
Aula	4ºB	Nº de alumnado asignado	22	Nº de profesorado asignado		4	

Etapa	PRIMARIA			Nivel	5º	Grupo	A
Aula	5ºA	Nº de alumnado asignado	14	Nº de profesorado asignado		7	

Etapa	PRIMARIA			Nivel	5º	Grupo	B
Aula	5ºB	Nº de alumnado asignado	15	Nº de profesorado asignado		7	

Etapa	PRIMARIA			Nivel	6º	Grupo	A
Aula	6ºA	Nº de alumnado asignado	15	Nº de profesorado asignado		8	

Etapa	PRIMARIA			Nivel	6º	Grupo	B
Aula	6ºB	Nº de alumnado asignado	15	Nº de profesorado asignado		8	

Etapa	SECUNDARIA			Nivel	1º	Grupo	A
Aula	1ºA	Nº de alumnado asignado	18	Nº de profesorado asignado		8	

Etapa	SECUNDARIA			Nivel	1º	Grupo	B
Aula	1ºB	Nº de alumnado asignado	18	Nº de profesorado asignado		8	

Etapa	SECUNDARIA			Nivel	2º	Grupo	A
Aula	2ºA	Nº de alumnado asignado	22	Nº de profesorado asignado		10	

Etapa	SECUNDARIA			Nivel	2º	Grupo	B
Aula	2ºB	Nº de alumnado asignado	22	Nº de profesorado asignado		10	

Etapa	SECUNDARIA			Nivel	1º	Grupo	A
-------	------------	--	--	-------	----	-------	---

Aula	3ªA	Nº de alumnado asignado	22	Nº de profesorado asignado	11
------	-----	-------------------------	----	----------------------------	----

Etapa	SECUNDARIA			Nivel	1º	Grupo	B
Aula	3ªB	Nº de alumnado asignado	14	Nº de profesorado asignado	11		

Etapa	SECUNDARIA			Nivel	2º	Grupo	A
Aula	4ªA	Nº de alumnado asignado	17	Nº de profesorado asignado	11		

Etapa	SECUNDARIA			Nivel	2º	Grupo	B
Aula	4ªB	Nº de alumnado asignado	16	Nº de profesorado asignado	11		

8.	Medidas específicas para grupos estables de convivencia (con inclusión de medidas que xa figuren no protocolo das consellerías ou doutras acomodadas á realidade do centro e grupo)
-----------	--

Os grupos estables de convivencia terán as mesmas normas que o resto á hora de actuar cando non estean na súa aula. Deste xeito empregarán a máscara nos espazos comúns (corredores, baños, escaleiras, etc), nas entradas e saídas ao centro, nos recreos, nas entradas e saídas ó comedor e gardarán a distancia de seguridade co demais persoal e alumnado.

Dentro da propia aula establecemos as seguintes medidas:

- O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico. O alumnado (a partir do nivel de Infantil) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade.
- Será obriga do alumnado levar cando menos unha segunda máscara de recambio así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor. Os alumnos terán a obriga de traer unha máscara de recambio nun sobre ou nun portamáscaras por se a que traen posta sofre algún percance.
- A obrigación contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria, discapacidade ou dependencia, alteracións de conduta. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a.
- Dentro da información a subministrar ás familias, ó alumnado e ao persoal dos centros incluírase a formación precisa sobre o uso correcto das máscaras.
- En E. Infantil e en E. Primaria colocaranse os alumnos en grupos de convivencia estables en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitación de distancia. A distancia entre postos escolares a manter será a máxima que permita a aula. Para a aplicación do criterio de medición a distancia realizarase dende o centro das cadeiras. Debe garantirse a estanqueidade do grupo de convivencia estable en todas as

actividades que se realicen dentro do centro educativo.

- Na etapa de E. Infantil, conformando grupos estables de convivencia, na aula traballarase en grupos colaborativos dun máximo de 5 alumnos/as (preferiblemente sempre os mesmos) que se constituirán como subdivisión dos grupos estables de convivencia para mellorar a trazabilidade dos contactos. Os grupos traballarán cun distanciamento físico de 1,5 m respecto dos restantes grupos. Sempre que sexa posible usarase a máscara porén para o profesorado e o persoal non docente que teña contacto cos grupos de infantil será de uso obrigatorio.
- En E. Secundaria os postos escolares manterán una distancia de 1.5 m respecto de todos os postos que o rodeen medidos dende o centro da cadeira, sempre orientados nunha mesma dirección. Cando o tamaño da aula non permita a distancia entre postos buscaranse espazos alternativos onde sexa posible gardar a distancia de 1.5 m.
- Cada alumno terá o seu propio material de traballo (estoxo, pinturas, regras...). O alumnado non poderá compartir material de uso propio con ningún dos seus compañeiros.
- Existirán zonas diferenciadas para que os alumnos poidan ter o seu material na aula en E. Infantil e 1º, 2º e 3º de E. Primaria. O resto dos alumnos utilizará os seus pupitres para o material propio.
- Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e a importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material. Cando sexa necesario empregar material común, distribuirao o profesor tendo que ser desinfectado unha vez finalizado o seu emprego.
- Na clase de música sempre que empreguen instrumentos de vento (especialmente a frauta) ou nos exercicios de canto, a distancia interpersoal elevarase a 3 m.
- No caso da clase de E. Física o uso da máscara será obrigatorio agás que sexa no exterior de maneira individual, a máis de 2m e que o uso da máscara resulte inadecuado e imposibilite a práctica.
- Ao trasladarse de aula para levar a cabo as sesións de EF ou saír ao patio, deberán respectar o percorrido deseñado para ese grupo en concreto e na orde de entrada e saída asignada.
- Limitaranse ao máximo, na medida do posible, os movementos dentro da aula, e cando sexan imprescindible respectaranse as medidas de seguridade.
- Os taboleiros serán empregados polo profesorado soamente, que fará unha desinfección previa ó seu uso e ó finalizar o mesmo.
- Todo o profesorado que entre na aula deberá empregar máscara e facer unha correcta desinfección de mans e dos materiais da aula que vai empregar.
- Todo o alumnado deberá respectar e cumprir todas as normas de seguridade e desinfección que é obrigatorio levar a cabo.
- Estas recomendacións permitiranos lograr máis seguridade na convivencia polo que a situación require do esforzo de todos os implicados.

9. Canle de comunicación (para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencia e ausencias)

PROFESORADO:

- Vía telefónica: chamando ó teléfono do centro ou poñéndose en contacto coa Directora ou a Xefa de Estudos.

Familias:

- Vía telefónica: 988 34 70 58 ou 660 38 06 08

- Comunicado plataforma educativa Alexia dirixido ó titor

- Correo electrónico: cpr.divina.pastora.obarco@edu.xunta.es – covid19@obarco.anamogas.org

10. Rexistro de ausencias (procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado)

As ausencias do alumnado recóllense e rexístranse diariamente na plataforma educativa Alexia. En todo caso, as ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar e non será necesario ningún xustificante médico.

No caso do persoal docente, seguirase o procedemento habitual de xustificación de faltas establecido no centro.

11. Comunicación de incidencias (procedemento de comunicación das incidencias ás autoridades sanitarias e educativas)

- Consultar mediante unha chamada telefónica ao centro de saúde de referencia ou ao teléfono de referencia do SERGAS.
- A coordinadora do Equipo COVID do centro comunicará as incidencias as autoridades sanitarias e educativas empregando a canle específica, “EduCovid” que a Consellería habilitará para a comunicación dos datos básicos dos contactos próximos dos casos confirmados. Esta información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que o Centro de Seguimento de Contactos alerte da existencia de casos positivos. A información será facilitada sempre por petición de sanidade a través de “EduCovid”.
- A canle informática subministrará de xeito seguro e con respecto á normativa de protección de datos a seguinte información:
 No caso de comunicación ao centro educativo por parte do seu persoal ou de algún alumno/a da aparición dun caso confirmado, o equipo COVID do centro incluírá a información dos contactos estreitos do afectado/a, entre eles os compañeiros/as de aula ou comedor, os mais próximos dentro da mesma e o profesorado que imparte clase nese grupo, así como aquela información sobre outros contactos vinculados ao centro educativo que poidan achegar voluntariamente os pais, nais ou titores/as legais.
 A mesma información será remitida cando o CSC, o SERGAS ou a xefatura territorial da consellería de Sanidade solicite información no caso de que exista casos sospeitosos por sintomatoloxía compatible con COVID 19.
 No caso de que o Centro de Seguimento de Contactos (CSC) teña confirmación dun caso positivo dunha persoa que sexa alumno/a dun centro escolar ou dun profesional que traballe no mesmo, incluírá a información na aplicación informática onde solo resultará visible para o equipo COVID do centro escolar.

Id. Medidas xerais de protección individual

12. Situación de pupitres (croques da situación dos pupitres nas aulas ben de xeito individual ou croque xenérico que sexa reproducíble nos restantes espazos e identificación da posición do profesorado)

En E. Infantil colocaranse os alumnos en equipos colaborativos dun máximo de 5 alumnos mantendo unha distancia de seguridade de 1.5 m entre os equipos, de tal xeito que se reduzan as interaccións físicas entre grupos. Deste xeito, garantimos que dentro da aula o contacto directo unicamente se produza entre grupos de alumnos pequenos.

En E. Primaria colocaranse os alumnos en filas, sempre orientados nun mesmo sentido, colocados en liña mirando cara a dirección do posto do profesor/a e mantendo a distancia de seguridade ou a maior distancia que sexa posible en cada aula

En E. Secundaria colocaranse os alumnos en filas, sempre orientados nun mesmo sentido, mirando cara a dirección do posto do profesor/a e mantendo a distancia de seguridade de 1.5 m.

Ver anexos planos de aulas

13. Identificación de espazos ou salas para asignar grupos (cando o tamaño da aula non permita as distancias mínimas e identificación de espazos ou salas para asignar a grupos)

- En E. Infantil cada grupo empregará a súa aula de referencia durante toda a xornada, podendo empregar o hall de entrada e a aula de estimulación temperá para realizar psicomotricidade e estimulación temperá.

- En E. Primaria e en 1º e 2º de E. Secundaria, cada grupo empregará a súa aula de referencia para todas as materias coa excepción de E. Física. En E. Física empregárase:

-1º, 2º e 3º de EP: aula de psicomotricidade. 3º de EP usará tamén dúas horas o pavillón.

-4º, 5º e 6º de EP e ESO: pavillón

- En 3º e 4º de ESO, o alumnado empregará a aula de referencia nas materias comúns e empregará outras aulas habilitadas para as materias optativas facilitando así o mantemento das medidas de protección e as tarefas de limpeza e desinfección.

-En 3º ESO as aulas de Tecnoloxía e a Biblioteca converteranse nas aulas de referencia.

Nas materias optativas:

3º ESO:

- Salón de actos: Matemáticas Académicas e Francés
- Aula 2º andar, zona vella fronte ós baños: Matemáticas Aplicadas e Cultura Clásica

4º ESO:

- Salón de actos: Matemáticas académicas, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Música
- Aula 2º andar: Matemáticas aplicadas, IAEE, Francés, Tecnoloxía.
- 2 aulas de ordenadores para TICS.

14. Espazos de PT, AL, departamento de orientación ou aulas especiais. Modelo cuestionario de avaliación (determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL, departamento de orientación ou aulas especiais do centro e modelo de cuestionario avaliación de medidas como anexo ao Plan, pódese utilizar un semellante ao que figura no protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021)

Debido ás características especiais que se dan á hora de traballar neste tipo de aulas, adoptamos as seguintes medidas:

- Emprego de máscara como norma xeral.
- O profesorado destas dúas especialidades pode empregar viseiras protectoras se o considera necesario.
- Entre cada sesión con presenza de alumnado nestas aulas realizarase unha ventilación da mesma e unha limpeza/desinfección dos elementos empregados.
- No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esbirrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.
- O departamento de orientación colaborará co Equipo COVID na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.
- O espazo específico que se usará para PT e AL e o Departamento de Orientación atópase nunha aula do 2º andar.

15. Tutorías coas familias (determinación dos xeitos de realizar tutorías coas familias)

As tutorías realizaranse sempre con cita previa.

As tutorías levaranse a cabo principalmente baixo a modalidade virtual (opción preferente) a través de videoconferencia con Google Meet. A comunicación para as tutorías e para relacionarse coas familias facilítase a través de tres medios: a plataforma educativa empregada no centro: ALEXIA, que garante unha comunicación fluída por medio de comunicados; a vía telefónica sempre que sexa necesario e a plataforma Google Meet onde se crean as videoconferencias.

Porén cando a xuízo do titor ou da dirección do centro sexa preciso a tutoría presencial realizarase esta coas medidas precisas de protección. Nesta modalidade, a reunión levarase a cabo na aula da tutoría correspondente, previa cita e garantindo a distancia social. Todos os asistentes cumprirán estritamente as medidas de seguridade establecidas no protocolo.

16. Canles de información coas familias e persoas alleas ao centro (proveedores, visitantes, persoal do concello...)

- Como canle de comunicación coas familias empregaremos fundamentalmente a plataforma educativa Alexia que permite xerar e recibir comunicados e que pode instalarse nos móbiles, ordenadores ou tabletas.
- Para as familias que non poidan ter a aplicación, empregarase unha vía alternativa, que será a chamada telefónica.
- Para Videoconferencias empregarase Google Meet.
- A maiores, existe unha canle de difusión pública na páxina web do centro.
- A información cos provedores xa se realiza habitualmente por mail ou teléfono, polo que seguiremos a empregar estas vías.

17. Uso da máscara no centro

- Entendemos que, independentemente das recomendacións e obrigación do uso da máscara a nivel xeral, **un centro educativo debe promulgar hábitos** que contribúan á concienciación sobre os beneficios do emprego da máscara.
- Obrigatorio o uso da máscara durante toda a xornada laboral para todo o profesorado e para todo o alumnado de E. Primaria e E.Secundaria e recomendámolo para o alumnado de Educación Infantil, especialmente nas actividades extraescolares, comedor.
- O **profesorado** de Educación Especial atendendo ao carácter exemplificante, **empregará en todo momento a máscara**, agás naqueles momentos nos que impida o normal desenvolvemento do seu traballo, como poidan ser as sesións de AL. Cando isto se produza, será obrigatorio manter a distancia de seguridade e aconséllase o emprego de pantallas protectoras.
- O uso da máscara no centro será obrigatoria para todos os maiores de 6 anos e recomendada para os alumnos de Infantil, que é a norma que indica o Protocolo da Consellería de Sanidade. Ademais, será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, por exemplo, no comedor.
- É obrigatorio usar máscara de protección en todo caso nas circulacións polos espazos comúns (corredores, baños, escaleiras, etc), nas entradas e saídas ao centro, nos recreos, e nas entradas e saídas do comedor escolar.
- A obrigación do uso da máscara non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara, pero a imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno ou da persoa obrigada.
- Tanto ás familias coma aos alumnos, subministrárase información sobre o uso correcto das máscaras, a súa duración ou necesidade de lavado e os sistemas de conservación.

18. Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa
<p>Corresponde ao equipo “Covid” a elaboración dun “Plan de Adaptación á situación Covid no curso 2020/2021” de conformidade co modelo que se xunta como Anexo V do protocolo. Neste plan determínanse as concrecións das medidas para o centro Educativo. O Plan comunícase ao profesorado na reunión de Claustro, así como a través das canles habituais de comunicación entre o Equipo directivo e o profesorado como as reunións de ciclo ou etapa, Google Classroom e plataforma educativa Alexia.</p> <p>O plan difundirase ás familias na primeira reunión telemática que se desenvolverá antes do inicio do curso escolar. As familias que non poidan participar nestas reunións dirixirase o titor vía telefónica nos días seguintes. Tamén se establecerá comunicación a través das Galerías da plataforma Alexia, dos comunicados emitidos dende esta Plataforma que nos permiten subministrar información ás familias e comunicarnos con elas e da páxina web do centro.</p> <p>Ademais, será aprobado pola Dirección do centro e o seu contido será informado o Consello Escolar a través dunha reunión telemática. O centro remitirá o plan tamén á Inspección Educativa correspondente.</p> <p>Deixamos a porta aberta a posibles modificacións xa que as achegas que vaimos recibindo por parte da comunidade educativa ou da Consellería de Educación ou Sanidade poden dar lugar a melloras no documento.</p>

Id. Medidas de Limpeza

19. Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente (non incluír datos de carácter persoal)
<ul style="list-style-type: none"> • Ventilación das aulas. • Limpeza/desinfección dos baños dúas veces ao longo da xornada. • Limpeza de zonas comúns e superficies de contacto de uso frecuentes: pasamáns, pomos de portas, tiradores de cisternas, billas de baños, chaves de luz... • Limpeza das aulas de optatividade.
<ul style="list-style-type: none"> • Limpeza e desinfección das aulas e zonas de uso común. • Limpeza e desinfección dos despachos e da secretaría. <p>* Esta asignación de tarefas poden revisarse e sufrir cambios se se considera necesario tras o acordo entre o persoal de limpeza e o Equipo COVID.</p>

20. Distribución horaria do persoal de limpeza (distribución horaria do persoal de limpeza e da alternancia semanal ou mensual de tarefas —no caso de que existan dúas ou máis persoas de limpeza polo menos unha delas realizara o seu traballo en horario de mañá—) (non incluír datos de carácter persoal)
<p>Quenda de mañá:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 1 Limpadora: de 07:30h a 9:00h - 1 limpadora de 07:30h a 10:15h - 1 limpadora de 11:00 a 13:15h - 1 Limpadora de comedor: 13:00h a 15:30h <p>Quenda de tarde:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 1 limpadora de 15:30 h a 09:30h - 1 limpadora de 17:00h a 09:30h

21. Material e protección para a realización das tarefas de limpeza

Todo o material e protección que se usará para tal fin é o indicado no Protocolo de Adaptación ao COVID-19 nos Centros de Ensino non Universitario de Galicia para o curso 2020-2021:

Utilizaranse os desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recen preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade.

Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.

A empresa de limpeza facilitará todo o material necesario para realizar a mesma ás empregadas.

Empregaranse distintivos móbiles para indicar a presenza de persoal de limpeza na dependencia que estea a ser desinfectada, debendo esperar a que estea o labor feito antes de ser posible o seu novo uso.

22. Cadro de control de limpeza dos aseos

- En cada baño existirá un modelo semanal de control de limpeza, no que se anotarán ás horas ás que se realizaron os labores e a persoa encargada de levalos a cabo.

Ver Anexo modelo de rexistro de limpeza de aseos.

23. Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas (a colocar en cada aula)

- En todas as aulas do centro haberá unha folla onde se apunten as ventilacións das aulas.

- A primeira ventilación do día realizarase antes da entrada do alumnado polo menos durante 15 minutos e será realizada pola limpadora ou profesores do centro.

- O resto de mañá este labor será responsabilidade do profesorado de cada curso, que durante as clases, cambios de clases e recreos deberá facer a ventilación e apuntala no modelo de checklist.

- Ö finalizar a xornada realizarase novamente. A responsabilidade será das limpadoras.

Ver modelo de rexistro de ventilación das aulas.

24. Determinación dos espazos para a xestión de residuos

- En todos as aulas e en todos os aseos do centro haberá unha papeleira con tapa e pedal ó igual que na sala covid, para desbotar todos aqueles elementos de hixiene persoal (panos desbotables, luvas, máscaras).

- O resto de papeleiras terán o uso habitual: papel, envases de plástico e lixo xeral.

Id.	Material de protección
-----	-------------------------------

25.	Rexistro e inventario do material do que dispón o centro
------------	---

- A secretaria e coordinadora xeral de E. Infantil e a administradora serán as responsables de inventariar todo o material de protección que dispón o centro. Para iso, crearase un apartado específico dentro do cadro xeral do centro denominado “material covid-19”

26.	Determinación do sistema de compras do material de protección
------------	--

Tras a dotación inicial achegada maioritariamente pola titularidade do centro (máscaras, guantes, xel hidroalcohólico, pantallas, mamparas) e necesaria para afrontar o inicio do curso escolar, todos os materiais serán respostos segundo as necesidades que vaian xurdindo e solicitándoos coa suficiente antelación. Se nalgún momento comprobamos que a cantidade solicitada dun pedido é insuficiente, valorarase facer pedidos de maior cantidade. **A titularidade facilitará:**

- máscaras hixiénicas reutilizables para o persoal docente e non docente e máscaras FFP2 ou KN95 para o persoal vulnerable. Tamén se terán máscaras cirúrxicas para posibles extravíos, casos COVID ó inicio e logo segundo as necesidades.
- Guantes para usar en momentos puntuais (ó persoal de limpeza facilitarallos a empresa)
- Xel hidroalcohólico
- Pantallas (E. Infantil e Orientación)
- Mamparas (Secretaría. Portería)
- Botes de xel hidroalcohólico en formato spray para o profesorado para a desinfección tanto persoal como do seu posto de traballo
- Papeleiras de tapa e pedal

O centro encargarse de comprar panos desbotables para as aulas e lugares de atención ó público. Material para sinalizar o centro xunto con toda a cartelería. Nos baños o responsable da súa compra é a empresa de limpeza.

27.	Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición
------------	---

- Ao principio do curso realizarase unha entrega a cada membro do cadro de persoal do centro do material necesario. Este material será entregado polo director e os receptores deberán asinar nunha folla de rexistro a recepción do mesmo.

- Os profesores comunicarán na secretaría ou en Dirección, coa suficiente antelación, a necesidade de repoñer o xel nas aulas, así como da necesidade de repoñer os outros elementos de protección.

- O persoal de limpeza previo encargo da Dirección ou se o ven necesario, repoñerá o xel hidroalcohólico nas aulas e espazos común. O mesmo tempo este persoal encargarse da reposición de panos desbotables, xel para lavado de mans nos aseos e de facer os pedidos á empresa de limpeza coa suficiente antelación.

Id.	Xestión dos abrochos
-----	-----------------------------

28. Medidas (a determinación das medidas pode ser referida á xenérica do protocolo das consellerías, unha propia do centro ou unha remisión ao plan de continxencia)

Para favorecer o éxito das medidas preventivas contra a aparición de abrochos ou gromos no noso colexio, precisamos a fundamental colaboración das familias. Todos os días, antes do desprazamento ó colexio, as familias realizarán unha autoavaliación segundo o modelo indicado por a Xunta de Galicia (“Enquisa de autoavaliación clínica”) e recollida no ANEXO I. O resultado non terá que ser comunicado diariamente a non ser que existisen síntomas compatibles coa COVID-19. De presentar síntomas, o alumno ou alumna non asistirá ó colexio e a familia contactará co seu Centro de Saúde. Esta situación deberá comunicarse ó titor escolar do alumno para que rexistre a ausencia xustificada e traslade a información ao Equipo COVID. Tamén pode facer a comunicación vía telefónica.

Seguindo as indicacións recollidas no Plan de Adaptación ao contexto da COVID19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 na versión 31-08-2020, o centro escolar achegará as familias un documento de “Declaración responsable” (ANEXO II). Dita declaración asinada servirá de confirmación da súa disposición a controlar a saúde dos seus fillos e do seu compromiso a non envalos ó centro si presentasen síntomas compatibles coa COVID-19.

As medidas que se levarán a cabo para a xestión de posibles gromos ou abrochos son:

- Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliar por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Tampouco acudirán aos centros as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica

- Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo as medidas de prevención e control levaranse a cabo por parte do SERGAS en base ao documento técnico elaborado pola Ponencia de Alertas y Planes de Preparación y respuesta: “Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos”. En virtude da mesma: levarase a un espazo separado de uso individual, colocáraselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado de acordo coas pautas establecidas no Anexo VI: MOLDELO DE DOCUMENTO “PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO”), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado. A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de atención primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara cirúrxica e pedirá cita telefónica co seu MAP. De confirmarse o caso, o equipo Covid do centro educativo comunicará os datos do positivo ao centro de saúde de referencia e incluírá a rede de contactos a través da aplicación “EduCovid” para a identificación por parte da Autoridade Sanitaria.

- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a; os que teñan a consideración de contactos estreitos, os dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado así de quen poida ser una persoa próxima que estea vencellada ao centro educativo. A aplicación xerará una alerta na central de seguimento de contactos quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Cando o fluxo de información proceda da autoridade sanitaria incorporárase a mesma información

A familia dun alumno con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica.

Tras a aparición dun caso diagnóstico da COVID-19 seguiranse as instrucións da Autoridade sanitaria. Estas instrucións poden ir dende o peche dunha aula, varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade tal e como se recolle na “Guía de actuación ante la aparición de casos de Covid-19 en centros educativos” e co “Protocolo de actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección por Sars-Co-V-2”

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na “Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos” e co “Protocolo de actuación da Consellería de Sanidad en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a a prevención e control da infección por: SARS-Co-V2” cos seguintes supostos:

- A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e o do profesorado asignado a ese grupo.
 - Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.
- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

29.	Responsable/s das comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa (deben determinarse a/s persoa/s que realizarán as comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa) (indicar unicamente cargo desempeñado e non incluír nome)
- O responsable de realizar as comunicacións será o Coordinador do Equipo COVID.	

Id.	Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade
------------	---

30.	Procedemento de solicitudes (canle de petición das solicitudes de comunicación coa xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso, de persoal substituto)
<p>Segundo a información transmitida polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, as instrucións, a nivel xeral, sobre isto din que:</p> <p>“Os traballadores/as vulnerables para COVID-19 (segundo o criterio establecido por saúde pública) poderán volver ó traballo, sempre que a súa condición clínica estea controlada e llo permita, e mantendo as medidas de protección de forma rigorosa. En caso de dúbida, o Servizo Sanitario do Servizo de Prevención de Riscos Laborais deberá avaliar a existencia de traballadores especialmente sensibles á infección por coronavirus e emitir informe sobre as medidas de prevención, adaptación e protección necesarias, seguindo o establecido no Procedemento de actuación para os servizos de prevención de riscos laborais fronte á exposición ao SARS-CoV-2” Por tanto, os traballadores que teñan dúbida sobre a súa situación deberán cubrir a Comunicación de Persoal Sensible que teñen ao seu dispor no Classroom de Persoal do centro ou solicitala á Dirección. Posteriormente a Dirección faraa chegar á responsable de PRL. Por iso, ao inicio de curso infórmase eponse a dispor do persoal do centro dito documento. A continuación, será un médico o que determine si o traballador/a pode asistir de xeito presencial ou non ao centro.</p>	

Id.	Medidas de carácter organizativo
------------	---

31. Entradas e saídas (determinación das entradas e saídas, organización das mesmas con horarios de ser o caso. Regulación da entrada de acompañantes do alumnado —cando o centro dispoña de planos poderanse grafiar sobre unha copia dos mesmos os lugares de entrada incluíndo, de ser o caso, os das distintas etapas educativas; no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados á realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao protocolo.

O obxectivo e evitar as aglomeracións e garantir as medidas de distanciamento físico interpersonal e reducir os tempos de espera. Para iso habilitaranse diferentes entradas para o alumnado das diferentes etapas educativas e de xeito gradual.

Non se permite a entrada dos proxenitores no centro educativo, salvo razón xustificadas relacionadas cos procesos administrativos ou cando a presenza sexa requerida polo propio centro, establecendo este horarios específicos para a súa atención. No nivel de E. Infantil o alumnado de 3 anos poderá chegar ao centro acompañado dun adulto durante o período de adaptación e ao longo do curso, excepcionalmente se fose necesario seguindo o protocolo. Os nenos de 4 anos durante a primeira semana.

Na entrada e saída da aula o profesorado velará pola orde dos movementos do alumnado para que se cumpran as medidas de distanciamento interpersonal. Para a saída do centro ou para a saída ó servizo de comedor poderase flexibilizar o horario dentro da última hora lectiva, sempre que sexa posible.

A Dirección do centro ten a posibilidade de establecer o número de profesores de garda precisos para facer efectiva a entrada e saída ao recinto en condicións de seguridade.

Nas comunicacións verticais o uso do elevador quedará limitado ás persoas que o precisen por motivos de mobilidade, que deberán usar máscara.

ENTRADAS E SAÍDAS MES SETEMBRO E XUÑO

EDUCACIÓN INFANTIL			
AVDA. BIERZO	ENTRADA	SAÍDA	
09:05	5 AÑOS	13:50	5 AÑOS
09:10	4 AÑOS	13:55	4 AÑOS
EDUCACIÓN PRIMARIA			
	ENTRADA	SAÍDA	
08:55	6º EP, 3º EP	14:00 (6º E.P) 13:55 (3º E.P)	
09:00	5º EP, 1º e 2º EP	14:03 (5º), 14:00 (2º e 1º E.P)	
09:05	4º EP	14:05 (4º E.P)	
Valle Inclán 1º, 2º, 3º e 4º		Avda. Bierzo 5º e 6º	
ESO			
ENTRADA 08:10	1º VALLE INCLÁN 3º AVENIDA DEL BIERZO		
ENTRADA 08:15	4º VALLE INCLÁN 2º AVENIDA DEL BIERZO		
SAÍDA	Escalonada ás 14:15 por ONDE ENTRARON		

Os alumnos que teñen Educación Física a 1ª ou última hora entrarán e sairán xa directamente do pavillón.

ENTRADAS E SAIDAS OCTUBRO A MAIO

MAÑÁ

EDUCACIÓN INFANTIL			
AVDA. BIERZO	ENTRADA	SAÍDA	
09:50	5 AÑOS	12:55	5 AÑOS
09:55	4 AÑOS	12:50	4 AÑOS
10:00	3 AÑOS	12:45	3 AÑOS
EDUCACIÓN PRIMARIA			
	ENTRADA	SAÍDA	
09:40	6º EP, 3º EP	13:00 (6º E.P) 12:55 (3º E.P)	
09:43	5º EP, 1º y 2º EP	13:03 (5º), 13:00 (2º y 1º E.P)	
09:46	4º EP	13:05 (4º E.P)	
Valle Inclán 1º, 2º, 3º e 4º		Avda. Bierzo 5º e 6º	
ESO			
ENTRADA 08:10	1º VALLE INCLÁN 3º AVENIDA DEL BIERZO		
ENTRADA 08:13	4º VALLE INCLÁN 2º AVENIDA DEL BIERZO		
SAÍDA	Escalonada a las 13:10 POR DONDE ENTRARON o 14:15 por VALLE INCLÁN		

Os alumnos que teñen Educación Física entrarán e sairán directamente do pavillón.

TARDE

EDUCACIÓN INFANTIL			
AVDA. BIERZO	ENTRADA	SAÍDA	
15:00	5 AÑOS	16:50	5 AÑOS
15:05	4 AÑOS	16:55	4 AÑOS
15:10	3 AÑOS	16:45	3 AÑOS
EDUCACIÓN PRIMARIA			
	ENTRADA	SAÍDA	
14:55	6º EP, 3º EP	17:00 (6º E.P) 16:55 (3º E.P)	
14:57	5º EP, 1º y 2º EP	17:03 (5º), 17:00 (2º y 1º E.P)	
15:00	4º EP	17:05 (4º E.P)	
Valle Inclán 1º, 2º, 3º e 4º		Avda. Bierzo 5º e 6º	
ESO MARTES Y JUEVES			
ENTRADA 15:15	1º VALLE INCLÁN 3º AVENIDA DEL BIERZO		
ENTRADA 15:17	4º VALLE INCLÁN 2º AVENIDA DEL BIERZO		
SAÍDA	Escalonada a las 17:10 por DONDE ENTRARON		

Os alumnos que teñen Educación Física entrarán e sairán directamente do pavillón.

32.	Portas de entrada e saída e circulacións no centro educativo (determinación das portas de entradas e saídas, as circulacións no centro educativo, uso de elevadores, núcleos de escaleiras, etc. —cando o centro dispoña de planos poderanse grafiar sobre unha copia dos mesmos os sentidos de circulacións, no caso de non dispoñer deles poderanse utilizar acomodados á realidade do centro os que figuran como tipoloxías anexos ao protocolo—)
	<ul style="list-style-type: none"> - As entradas e saídas faranse de xeito escalonado e empregando a porta da Avenida do Bierzo, a porta da Avenida Valle Inclán e a porta do pavillón de deportes. - Os desprazamentos polo colexio só están permitidos nas entradas e saídas, para baixar ao patio, saídas ao baño, para acceder ás aulas de optatividade dos alumnos da ESO e para ir a clase de E.F. En todos os desprazamentos irán en fila mantendo a distancia de seguridade interpersoal de 1.5m entre alumnos e respectando os sinais horizontais colocadas no chan indicando o sentido (Frechas verdes de entrada e vermellas de saída, sempre circulando pola dereita). - A sinalización existente no chan en todos os andares así como nas escaleiras, patios... facilita a circulación polo centro.

33.	Cartelería e sinalética (previsións sobre a colocación de cartelería e sinalética no centro, coa premisa de que a de prevención prima sobre calquera outra en relación coa súa colocación)
	<ul style="list-style-type: none"> - O centro disporá de cartelería informativa nas entradas, corredores, escaleiras e zonas de recreo que advirta sobre o respecto da distancia de seguridade. Nas aulas e aseos reforzarase a información sobre hixiene individual e medidas de hixiene social. - Será preceptivo colocar cartelería informativa nos accesos ao centro, nas aulas e nos espazos comúns. - Reservaranse os espazos máis visibles para que primen por riba de calquera outra cartelería. - A información será a xeral relacionada coa COVID e coas medidas de seguridade básicas. - Ademais da cartelería “oficial” que poida enviar a consellería, colocaranse carteis de elaboración propia e carteis institucionais. - Os corredores, escaleiras e patios estarán marcados con frechas indicativas das rutas a seguir, sempre pola dereita do mesmo. - Nos baños colocaranse bandas horizontais para marcar o punto de espera e un semáforo que indique se está baleiro ou ocupado. Dentro dos baños haberá cartelería recordando o lavado de mans e técnica correcta dese procedemento ó igual que en todas as aulas do centro. - Na medida do posible evitárase, para facilitar a limpeza, a colocación de anuncios, collages, murais, ou outro material nas paredes de corredores e aulas.

34.	Asignación do profesorado encargado da vixilancia (só datos numéricos)
<p>- Entradas: Os Mestres atoparanse nas aulas. 1 mestre en cada porta de acceso ao colexio (3).</p> <p>- Recreo: O profesor encargado de cada unha das clases na hora anterior á saída ao patio será o encargado desta e será o responsable do cumprimento da distancia de seguridade nas baixadas e subidas ao patio. Ademais contará co apoio dos mestres de ciclo que estean dispoñibles. No caso de ser posible un vixiará os aseos.</p> <p>Saídas: - Coordinadas polas persoas do equipo COVID, cada profesor de última hora será o responsable da saída dos seu alumnado e deberá cumprir rigorosamente o horario estipulado.</p>	

Id.	Medidas en relación coas familias e ANPA
------------	---

35.	Madrugadores ou actividades previas ao comezo da xornada (previsións en relación co programa de madrugadores ou de actividades previas ao inicio da xornada, as medidas e determinacións que figuren no plan deberán ser coordinadas coa ANPA ou o concello que preste ou organice o servizo e incorporaranse ao presente plan)
<p>- O servizo complementario de aula matinal seguirá a funcionar. No caso do alumnos de Educación Primaria será obrigatorio o uso da máscara e recomendable para os alumnos de E. Infantil, sempre que exista boa tolerancia. Os alumnos terán que manter a distancia de seguridade interpersoal de 1.5 m en todo momento.</p> <p>- O centro coordinará os espazos a empregar en función do número de usuarios que desexen empregalo este curso escolar. O espazo principal seguirá a ser a aula destinada para tal fin na planta baixa pero debido ás medidas de protección necesarias, habilitaremos outro espazo se a demanda é suficiente separando o alumnado por idades.</p> <p>- No momento no que finalice o servizo, o alumnado accederá ás aulas que lle corresponda acompañado da cuidadora.</p>	

36.	Actividades extraescolares fóra de xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor (previsións para a realización de actividades extraescolares fóra da xornada lectiva ou posteriores ao servizo de comedor, deberán ser coordinadas co organizador do servizo)
<p>Ofertaranse un número reducido de extraescolares para garantir a conciliación familiar e escolar: en Infantil e Primaria: 2 actividades deportivas e unha actividade de inglés. En ESO 1 actividade deportiva. O número de participantes en cada unha delas será reducido e sempre mantendo as medidas de seguridade que contempla o protocolo COVID.</p>	

37. Determinacións para as xuntanzas da ANPA e o Consello Escolar

- As reunións do Consello Escolar celebraranse preferentemente de forma telemática.
 - Reunións telemáticas preferentemente a través de Google Meet e comunicación vía telefónica ou por comunicado na plataforma Alexia.
- Para as xuntanzas da ANPA, facemos dúas distincións:
 - Reunións da directiva: preferentemente realizaranse de xeito telemático e excepcionalmente, ao ser un número reducido de persoas, poderán facela de xeito presencial se a situación epidemiolóxica o permite, empregando un espazo do colexio o suficientemente amplo que garanta a distancia social. Neste caso, farase unha solicitude previa para asignar espazo e facer as tarefas de desinfección e ventilación pertinentes.
 - Reunións xerais da ANPA: estas reunións realizaranse de xeito telemático a través da plataforma Google Meet.
 - O centro colaborará coa ANPA facilitando a axuda de persoal experto en temas informáticos que lles axuden a realizar ou a resolver dúbidas nas videochamadas.

38. Previsión de realización de titorías e comunicacións coas familias

- As familias empregarán como medio habitual de comunicación o apartado de comunicados da plataforma alexia para poñerse en contacto co titor.
- As titorías levaranse a cabo preferentemente por medios telemáticos e só excepcionalmente cando a xuízo do titor/a ou da dirección do centro sexa preciso, a titoría poderá ser presencial no centro, sempre mantendo as medidas de seguridade.
- Para atención ás familias é necesaria sempre a cita previa que se poderá acordar por comunicado da plataforma Alexia como forma habitual, por medio da axenda do alumno e, de non ser posible, a través dunha chamada telefónica.
- As reunións grupais serán realizadas de modo telemático a través de Google Meet ou enviando un enlace a través da plataforma Alexia.

39. Normas para a realización de eventos

Non se realizarán eventos ou celebracións con grande afluencia de persoas. No caso de ter que realizarse cumpriranse estritamente as medidas de prevención (usos obrigatorio de máscara) e aforos (50 por cento da capacidade) sempre que se permita manter a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas.

Tendo en conta estas normas, haberá moitas actividades (festivais, xuntanzas en datas especiais, conmemoracións) que este ano non se poderán realizar mentres se manteña esta situación epidemiolóxica.

Id.	Medidas de uso do comedor
------------	----------------------------------

40.	Quendas, lugares ocupados polos comensais e priorización do alumnado (establecemento de quendas para o uso de comedor, determinación dos lugares ocupados polos comensais, priorización do alumnado sobre o resto do persoal do centro)
------------	--

O comedor é un servizo imprescindible dentro do noso Colexio que é usado por moitas familias ao longo do curso. Por iso, e seguindo as medidas establecidas no Protocolo de adaptación ao Contexto da COVID-19 nos Centro do Ensino non Universitario e o Protocolo da transmisión da COVID-19 nos comedores dos centros educativos non universitarios para o curso 2020-2021 establecemos:

- A disposición do alumnado no comedor escolar debe ser mantendo a distancia de 1.5m sentados en oblicuo e sempre que non estean encarados. O alumnado que conforme grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia no ensino Infantil e de Primaria pode comer agrupado sen respectar a distancia anterior separando os grupos por 1.5m un do outro.
- Asignaranse postos fixos durante todo o ano garantindo así a estanqueidade.
- Na medida do posible, o alumnado sentarase no comedor agrupados por aulas (grupos estables de convivencia). Será necesario o rexistro dos lugares que ocupan cada uno dos nenos/as co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos.
- Será obrigatorio o uso da máscara para o alumnado excepto no momento específico da alimentación, incluíndo o tempo de agarda ata o inicio do servizo e o período entre os distintos patios. Será obriga do alumnado levar, como mínimo, unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario.
- Habilitaranse outras espazos do colexio como comedor para que as medidas de separación entre nenos e a limpeza e desinfección sexa a correcta.
- Aumentarán o número de quendas para reducir o aforo do comedor en cada momento da comida.
- Entre cada quenda realizarase unha limpeza/desinfección das mesas e cadeiras ao mesmo tempo que se ventila o espazo
- O persoal utilizará en todo momento a máscara de protección con independencia do mantemento da distancia de seguridade. O persoal deberá realizar o cuestionario de Autoavaliación Covid-19 antes da incorporación á súa quenda.
- Os pratos serán individuais e non poderán ser compartidos entre o alumnado. A auga poderá servirse nunha soa xarra, pero deberá servila sempre unha mesma persoa. Non se poñerán na mesa utensilio de uso común, como aceiteiras, vinagreiras, cestos de pan para a mesa, etc.
- A vixilancia do comedor, dos accesos e dos tempos de recreo será constante.
- O Equipo Covid disporá dun plano de situación no que constarán os postos fixos asignados a cada alumno para garantir o control e seguemento epidemiolóxico. Levarase control diario da asistencia do alumnado.
- Recolleranse os distintos grupos de convivencia estable na porta na aula e serán acompañados ao comedor, utilizando máscara polos corredores e mantendo o distanciamento entre os grupos.
- Antes e despois de acceder ao comedor, o alumnado, mantendo o grupo de convivencia estable, deberá ir ao baño do andar que lle corresponda para realizar a hixiene de mans. Os alumnos disporán de xabón e papel para secar as mans así como xel hidroalcohólico á entrada e saída dos comedores.
- Queda eliminada a opción de cepillado dos dentes, que será adiada á chegada do fogar ou residencia.
- Será necesario ventilar o comedor tras cada turno un mínimo de 15 minutos.
- Cando remate a comida, o alumnado sairá por orde segundo están sentados nas cadeiras e agruparanse no espazo habilitado para o efecto.

- Para o inicio do servizo do comedor poderase flexibilizar o horario dentro da última hora lectiva. O equipo directivo determinará a saída por colectivos con distancias horarias, sempre que sexa posible.
- O persoal de cociña ten a obriga de lavar e desinfectar todo o enxoval, e electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús.
- Usará de forma obrigatoria máscara e luvas en todo o persoal e manterá a distancia física de seguridade establecida.

41. Persoal colaborador (previsión sobre o persoal colaborador, tendo en consideración que debe ser o mesmo durante as diferentes quendas) (non incluír datos de carácter persoal)

Estes datos serán incluídos no momento que se coñeza o número total de usuarios. Consta de 3 ou 4 profesores que colaboran para dar a comida xunto coa cociñeira e outra persoa contratadas pola empresa.

No mes de setembro serán dous profesores xunto coa cociñeira e a outra persoa contratadas pola empresa.

Ademais, todos os días contará coa colaboración do profesorado que participará na vixilancia de comedor e de patios. Cada día haberá un media de 9 profesores segundo o seu horario lectivo.

42. Persoal de cociña (previsión sobre o persoal de cociña e a limpeza da mesma) (non incluír datos de carácter persoal)

- 1 cociñeira e 1 limpadora

43. Aulas especiais, ximnasios, pistas cubertas... (realizaranse as previsións que sexan precisas noutros espazos do centro tales como aulas especiais —tecnoloxía, música, debuxo, inglés, laboratorios...— ximnasios, pistas cubertas, salóns ou calquera outro espazo de uso educativo. As previsións incluírán normas de uso e limpeza)

- **En Educación Infantil**, os únicos momentos nos que o alumnado poderá abandonar a súa aula será en Estimulación temperá e psicomotricidade.

- **En Educación Primaria**, desenvolveranse todas as actividades na aula excepto a Educación Física que se desenvolverá no pavillón polideportivo ou na aula de psicomotricidade.

- **En ESO** poderán abandonar a súa aula todos os grupos para realizar E. Física. En 3º e 4º ESO ademais, as materias optativas desenvolveranse sempre fóra da aula do grupo nas aulas asignadas para a optatividade e así poderemos garantir que se cumpran todas as medidas de protección e hixiene e limpeza no uso de espazos compartidos por alumnado procedente de diferentes grupos: salón de actos, aula de música, aula de ordenadores, laboratorio e Aula ESO 1.

- **O pavillón polideportivo, a aula de estimulación temperá e e aula de psicomotricidade deben ofrecer as mesmas garantías** de seguridade que as aulas convencionais. Deste xeito, terán a mesma dotación que esas aulas (dispensadores de xel, papeleiras de pedal e panos desbotables) que permita realizar as rutinas de limpeza antes, durante e ao finalizar a sesión. Ao ser espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións será preciso realizar unha **ventilación de 5/10 minutos**. Este tempo cumprirase mentres o profesor leva ó alumnado de volta á súa aula e recolle a outro grupo. Na aula e antes de baixar poderase realizarse alí unha primeira explicación do que se vai levar a cabo na sesión.

- **En Primaria e Secundaria**, o alumnado virá co uniforme de Educación Física posto de casa e marchará con el posto os días que teñan esta materia. De outubro a maio que hai xornada partida, traerán a roupa do uniforme de E. Física en horario de mañá ou tarde segundo corresponda. O alumnado de comedor utilizarao todo o día. **En Infantil**, como viña sendo habitual, o alumnado traerá o chándal do uniforme durante todo o día.

Sala de ordenadores

Antes e despois de empregar os equipos informáticos será necesario que o profesor realice unha limpeza de mans e desinfección dos elementos de uso (teclado e rato). Así mesmo, o carriño cargador de tablets ou chromebooks e os Ipads será necesario limpalos e desinfectalos entre un uso e outro. Aínda que os alumnos máis maiores poidan colaborar na limpeza e desinfección, a limpeza e desinfección é responsabilidade do profesor que empregue os medios tecnolóxicos ó inicio e ó finalizar a clase.

Sala de portería e fotocopiadora

Aínda que non é un espazo de uso educativo como tal por parte do alumnado, xa que é empregado maioritariamente polo profesorado para facer traballos de reprografía, é conveniente establecer pautas, xa que son moitas as persoas que, ao longo do día, pasan por alí.

- **Será responsabilidade do usuario seguir as seguintes normas:**

- Desinfectar as mans antes e despois de usar a fotocopiadora.
- Pasar un pano con xel hidroalcohólico polas superficies manipuladas despois do seu uso.
- Limitar a 2 persoas o espazo podendo estar unha soa na fotocopiadora.
- Uso obrigatorio de máscara.

44. Educación física (existirán determinacións específicas para a materia de educación física)

Propoñemos as seguintes normas específicas para a materia de educación física:

Medidas xerais de limpeza de superficies e material:

- Tras cada limpeza, os materiais empregados e os equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.
- Procurarase que os equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.
- Realizar tarefas de ventilación periódica nos espazos utilizados e, como mínimo, de forma diaria e durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas cos pomos, por exemplo. Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realizar os tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.
- Disporase de papeleiras pechadas e con accionamento non manual, para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras deberían contar con bolsa desbotable que se cambie polo menos unha vez ao día.

Medidas para os axentes que participen na práctica deportiva:

- Deberá manterse a distancia de seguridade interpersonal e utilizar máscara, agás que se realice no exterior, de maneira individual, a máis de 2m e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Cando non se utilice, é importante gardala axeitadamente para evitar que adquira e transmita o coronavirus.
- Evitar en todo momento o saúdo con contacto físico.
- Utilizar panos desbotables e tiralos á papeleira tras cada uso.
- Asegurarse de manter unha boa hixiene respiratoria. Iso significa cubrirse a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao tusir ou esberrar. Neste caso, desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans.
- Lavar con frecuencia as mans con auga e xabón ou con xel hidroalcohólico.
- Na medida do posible, evitar tocar os ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.

Medidas organizativas:

- O alumnado de E. Infantil realizará psicomotricidade e estimulación temperá na sala dos espellos.
- O alumnado de 1º a 3º de Educación Primaria realizará E. Física na aula de psicomotricidade e os alumnos de 3º dúas horas empregarán o pavillón.
- O alumnado de 4º de E. Primaria a 4º ESO empregará o pavillón para a práctica da E. Física.
- Ó vir vestidos da casa co chándal e permanecer no centro con el, evitarase o uso dos vestiarios.
- Evitar, na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante a actividade. Se isto non fora posible, garantirase a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado por parte dos axentes participantes e estableceranse os mecanismos de desinfección correspondentes. Cando ese

material vaia ser empregado en dúas sesións consecutivas, deixarase un tempo para que a actuación dos produtos desinfectantes sexa efectiva, polo que ao inicio das sesións non se debe empregar ese material.

- Para o inicio das sesións aconséllanse actividades de execución individual, encaixando neste ámbito as coordinativas e de equilibrio, rítmicas ou de expresión corporal.
- Cando se traballe en pequenos grupos, respectar os equipos formados na aula.

Id.	Medidas específicas para o uso doutros espazos
-----	---

45.	Cambio de aula (regularase o proceso de cambio de aula ou visita á aula especial ou espazos de uso educativo)
<p>- Ao longo deste curso soamente se contemplan catro situacións nas que son necesarios cambios de aula:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Para ir ao pavillón polideportivo, á aula de psicomotricidade ou á aula de estimulación temperá. • Para ir ás materias optativas en 3º e 4º de Educación Secundaria. • Para ir á aula de ordenadores en E. Secundaria. • Asistencia a sesións de PT/AL. <p>Cando un grupo de alumnado deba cambiar de aula, farao en fila de un e respectando a distancia de 1,5 m, seguindo a ruta deseñada para cada grupo e indo pola parte dereita do corredor. O alumnado esperará na aula sentado no seu sitio ao profesor da materia. Para garantir que os espazos estean baleiros e se ventilen durante un período de 5/10 minutos, o alumnado esperará na súa aula a que o mestre o vaia buscar.</p>	

46.	Biblioteca (as persoas responsables da biblioteca establecerán normas de uso acomodadas ás xerais establecidas no protocolo)
<p>Este espazo foi habilitado como aula de referencia en 3º de Secundaria.</p> <p>- En E. Primaria, para realizar os empréstitos e os períodos de corentena dos libros devoltos, os profesores responsables da biblioteca encargaranse de levar os libros á aula e proceder ó seu reparto.</p> <p>- O préstamo de libros realizarase de forma habitual aínda que o devolto deberá permanecer en caixas illadas en corentena varios días. Farase préstamo unha semana e os libros gardarán corentena outra semana.</p>	

47.	Aseos (poderanse asignar grupos de aseos ao alumnado de etapas educativas con carácter exclusivo en atención á realidade do centro)
<p>- O alumnado empregará os aseos existentes na zona que lle corresponda á súa aula e no baño marcado para cada aula.</p> <p>- Respectaranse os labores de limpeza e desinfección, polo que aqueles que estean sinalizados nese intre con eses distintivos non poderán ser empregados.</p> <p>- A limitación de aforo para os baños será dun tercio do seu aforo e para controlalo haberá un sistema de “semáforo”, que indicará se o baño está libre ou non.</p> <p>- Soamente poderá ir de cada vez un alumno por aula e sempre que sexa imprescindible.</p> <p>- No caso do alumnado da etapa de Infantil ou con NEE, a persoa que o acompaña deberá portar as protección individuais axeitadas.</p> <p>- Todos os aseos terán cartelería sobre o correcto lavado de mans.</p> <p>- Deberán lavar as mans cada vez que empreguen o aseo e deberán hixienizar as mans ó entrar na aula.</p>	

Id.	Medidas especiais para os recreos
------------	--

48.	Horarios e espazos (as determinacións sobre o horario do recreo, os espazos, de ser o caso incluso as divisións dos mesmos, e do uso e orde no recreo realizarase minuciosamente no plan con asignación de espazos a grupos ou niveis coas previsións propias para os grupos estables de convivencia)
<ul style="list-style-type: none"> • Realizaranse dúas quendas de uso dos espazos de recreo en todas as etapas empregando os patios e espazos asignados a cada grupo para que todo o alumnado poida empregar o patio dispoñendo de espazos amplos para a súa mobilidade. • A metade do recreo realizarase na aula e a outra metade na zona asignada. Aquel alumnado que traia merenda debe tomala na aula. • Tanto o alumnado de Infantil como o de Primaria e Secundaria empregará as rutas e quendas indicadas polo profesorado, polo que é moi importante cumprir estritamente cos horarios. • Crearanse zonas diferenciadas que garantan que cada nivel pode ter un espazo de recreo no que se respecte a distancia social: <ul style="list-style-type: none"> ➤ Patio de entrada: dividirase para empregar 2 grupos ➤ Patio interior: habilitouse para un grupo ➤ Polideportivo: para 1 ou 2 grupos ➤ Patio traseiro: para dous grupos • Os días de chuvia o alumnado permanecerá na súa aula. Aumentarase a ventilación da aula, e as xanelas permanecerán abertas sempre que sexa posible. 	

QUENDAS DOS PATIOS DE RECREO

INFANTIL	
1ª QUENDA	5 AÑOS A (patio de atrás) 4 AÑOS A e B (patio frontal dividido)
2ª QUENDA	5 AÑOS B (patio de atrás) 3 AÑOS A e B (patio frontal dividido)
PRIMARIA	
1ª QUENDA	1ºA (patio atrás) 2º EP (patio frontal dividido)
2ª QUENDA	1ºB (patio atrás) 3º EP (patio frontal dividido)
PRIMARIA	
1ª QUENDA	5ºEP (patio fóra) 4ºA (pavillón)
2ª QUENDA	6º EP (patio fóra) 4ºB (pavillón)
ESO	
1ª QUENDA	1º patio fóra 3º pavillón
2ª QUENDA	2º pavillón 4º patio fóra

49. Profesorado de vixilancia (nas determinacións figurarán os criterios para a asignación do profesorado de vixilancia, existirá un cadro que defina os horarios dos grupos de convivencia estable) (non incluír datos de carácter persoal)

Para realizar as vixilancias dos recreos e os grupos de convivencia estable, o alumnado estará sempre acompañado dun profesor que lle imparta docencia.

Id. Medidas específicas para alumnado de educación infantil e dos dous primeiros cursos de primaria

50. Metodoloxía e uso de baños (incluír previsións sobre a metodoloxía na aula e uso de baños que estean situados na mesma, tamén figurarán determinacións sobre o traballo en recantos e de uso do material de aula)

A pesar de que en Educación Infantil se formarán grupos de convivencia estable, estableceremos unha serie de pautas e variacións con respecto a cursos anteriores que permitan minimizar, na medida do posible, o risco de contaxio e propagación.

Este é un ciclo no que a idade do alumnado e a súa etapa evolutiva invitan á experimentación, á vivenciación, ao intercambio, ao contacto e á liberdade; que xustamente entran en conflito coas medidas de seguridade para evitar contaxios. Non renunciar a esas características ao mesmo tempo que intenta minimizar os riscos é algo complexo e que intentaremos facer deste xeito:

Asemblea na mesa:

- Dentro desas rutinas habituais incluírase a lembranza de normas de hixiene e a concienciación do alumnado coa pandemia, actividades que se realizarán presentadas como algo lúdico, así como a hixiene correcta de mans. Os dispensadores de mans estarán situados na mesa das mestras, que serán as responsables del e as que o distribúan cando sexa necesario.

Colocación do alumnado / agrupamentos:

- A aula distribuirase en grupos de 4 ou 5 alumnos en función do alumnado total da aula. Ao igual que en primaria, eses grupos serán estables e tratarase de reducir a interacción global entre grupos.

Recunchos:

- Os grupos creados para a colocación na aula serán os mesmos para o xogo en recunchos. Para o xogo en recunchos delimitarase e organizarase o seu uso de xeito individual garantindo a desinfección posterior o seu uso tanto do espazo como dos materiais. Estes materiais non serán de moitas pezas e serán de fácil desinfección. Aconséllase eliminar xoguetes e obxectos que non sexan estritamente necesarios.
- Os recunchos poderán empregarse dúas veces por mañá, unha nas sesións anteriores ao recreo e outra nas sesións posteriores e 1 pola tarde. Entre tanto, deberán desinfectarse as os materiais empregados e realizar unha ventilación correcta da aula.

Uso de baños:

- Como teñen aseos compartidos, sinalizarase un sanitario para cada aula e evitarase que coincidan simultaneamente alumnos de diferentes aulas.
- A maiores, realizarse a limpeza e desinfección completa dúas veces por xornada lectiva.

Uso de máscara

- Aínda que a normativa sobre os grupos de convivencia estable non a esixa, cremos que o emprego da mesma en espazos comúns e recreos será beneficioso, tanto a nivel de protección como para xerar un hábito moi recomendable entre a poboación.
- Será labor conxunta de familias e escola traballar os hábitos correctos para colocalas e quitalas de xeito correcto, así como a maneira de gardalas na funda.

Material

- Antes do comezo de curso facilitarase a listaxe co material propio que debe ter o alumnado. Entre este material será moi importante que haxa unha funda para as máscaras.
- *Material común:* colocarse en gabetas exclusivas para cada grupo. Antes e despois do emprego de material común procederase á limpeza de mans e posteriormente dos materiais empregados.
- Cada alumno disporá de material individual.

51. Actividades e merenda (a maiores das previsións xerais sobre recreos existirá unha previsión específica para os xogos e actividades a realizar no tempo de recreo, incluírase unha previsión sobre o tempo de merenda)

Merenda

- A merenda realizarase na clase de xeito individual en equipos colaborativos e en espazos diferenciados. Resulta moi difícil que todo o alumnado desta etapa sexa autónomo para este labor, requirindo en moitas ocasións a axuda do profesorado.

Actividades e xogos:

- O reparto que fixemos do uso patio permite unha dispersión do alumnado e que poidan evitarse aglomeracións.

- Aínda así, proporáanse diversos xogos que permitan a diversión sen contacto e con menos nivel de risco, como poden ser os xogos de precisión, os motórico-coordinativos (mariola, xoaniña, goma, comba), as agachadas.

Id. Medidas específicas para uso de laboratorios e talleres

52. Emprego do equipamento (nas previsións de uso destes espazos deberá detallarse o uso e hixiene dos elementos e ferramentas que poidan ser utilizadas por varios/as alumnos/as e protocolizárase en función das diferentes ensinanzas os detalles de utilización do equipamento e a necesidade dun recordatorio continuo dos protocolos de prevención)

- Armario cargador con Chromebooks, :

- Existirá un horario de emprego que permita que os equipos sexan desinfectados despois do seu emprego entre grupos.
- Corresponde ao mestre realizar a limpeza e desinfección dos mesmos e poden axudar neste labor os alumnos.
- Despois do seu emprego, os equipos deben ser devoltos ao armario para a súa carga automática.

- Armario de Tablets:

- O procedemento para o emprego das Tablets será exactamente o mesmo que para o armario cargador de Chromebooks.
- A única diferenza é que non hai un horario preestablecido, senón que o uso será a demanda previa solicitude ao equipo TICs.

- Ordenadores de aula de ordenadores:

- Existirá un horario de uso desta aula que permita que os equipos sexan desinfectados despois do seu emprego entre grupos..
- Corresponde ao mestre realizar a limpeza e desinfección dos mesmos e poden axudar neste labor os alumnos.

- Ipads en Infantil

- Existirá un horario de uso que permita que os equipos sexan desinfectados despois do seu emprego entre alumnos e grupos..
- Corresponde ó Mestre realizar a limpeza e desinfección dos mesmos.

Id.	Medidas específicas para alumnado de NEE
-----	--

53.	<p>Medidas (o equipo COVID, en colaboración co departamento de orientación, establecerá as medidas concretas en relación coa diferente tipoloxía de alumnado con NEE)</p> <ul style="list-style-type: none"> - O alumnado con necesidades educativas especiais utilizará a máscara cirúrxica ou hixiénica, que cumpra coa normativa Une 0064 (un só uso) ou UNE 0065(reutilizables) sempre que sexa maior de 6 anos e recomendada para o alumnado entre os 3 e os 6 anos. Se non fose posible o uso da máscara por parte do neno/a manterase un cumprimento estrito da distancia de seguridade e o persoal valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira non respectar a distancia de seguridade. Nos restantes casos manterase unha distancia de 1,5 metros de forma xenérica nas interaccións co resto do persoal e alumnado. De forma excepcional e no caso específico de que o alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou por ser menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95) ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. - No caso de que o alumnado non faga uso de pupitres senón doutros elementos educativos (colchonetas, etc) procederá a ventilación posterior da sala e limpeza das superficies utilizadas. - Con carácter xeral o ACNEE formará o grupo de convivencia estable coa aula á que pertence. - Garantirase a accesibilidade comunicativa e cognitiva da información relevante para o alumnado mediante a utilización dos Sistemas Aumentativos e Alternativos de Comunicación, e das modalidades comunicativas que use o alumnado (sinalería con pictogramas, adaptación da información e recomendacións) - No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esbirrar ou tusir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía. O alumnado con necesidades especiais terá prioridade nas entradas e saídas do centro educativo. - Nas sesións de Audición e Linguaxe farase uso de máscaras transparentes, hixiene de mans e ventilación de espazos duns 10-15 minutos tras cada sesión. - Asignarase un aseo no centro no que se intensificará a limpeza e a desinfección como medida de prevención de risco. - O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.
------------	--

54.	<p>Medidas e tarefas. Seguimento (particularizaranse as tarefas e medidas que o persoal docente e coidador debe de extremar en relación co alumnado, as medidas serán obxecto de seguimento continuo para a súa adaptación a cada circunstancia)</p> <p>O profesorado manterá unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección, ademais, de acordo coas capacidades do grupo, aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.</p> <p>Disporá dunha dotación de material de hixiene composto por panos desbotables, solución desinfectante e xel hidroalcohólico para o seu uso individual, que usará en cada cambio de aula e na limpeza da súa mesa e cadeira, así como do material do profesorado de uso non individual que teña utilizado en cada unha das aulas: teclado de ordenador, útiles de escritura, rotuladores para taboleiro tradicional, elementos de taboleiros electrónicos...</p> <p>O profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado cada vez que cambie de grupo.</p>
------------	---

Id.	Previsións específicas para o profesorado
-----	--

55. Medidas (para as reunións de profesorado, uso da sala de profesores e departamentos estableceranse as medidas que sexan oportunas en función do número de persoas e aforo dispoñibles. Existirán previsións para o uso de máquinas de vending ou cafeteiras)

Reunións:

- Maioritariamente as reunións serán telemáticas ben dende a casa, ben dende diferentes partes do centro garantindo sempre que se cumpran as medidas de seguridade.
- Para aquelas que sexan presencias e impliquen a participación de **todo o profesorado** empregárase o **salón de actos**, xa que ten as dimensións axeitadas para manter unha distancia social axeitada.
- As reunións dos diferentes **equipos de coordinadores ou equipo directivo** terán lugar na **sala de mestres**
- Para as reunións de **equipos de equipos docentes** empregárase preferentemente os medios telemáticos e, cando sexa necesario, unha das **aulas** desde nivel ou ciclo, coas medidas de seguridade reflectidas neste plan.

Sala de mestres:

- A sala de mestres permite a estancia simultánea de varias persoas, aínda así, prestarase especial atención á ventilación da sala.
- Na sala haberá dispensador de xel e panos desbotables, así como unha papeleira de pedal.
- Será responsabilidade individual dos usuarios dos ordenadores a limpeza e desinfección dos equipos de traballo con xel hidroalcohólico.
- Para empregar a máquina de café, os usuarios deberán realizar unha limpeza previa de mans e, ao finalizar, deberán empregar a papeleira de pedal para tirar os vasos desbotables.

56. Órganos colexiados (o centro incluíra previsións para acomodar ás situacións máis seguras a reunión dos órganos colexiados do centro mediante o uso, de ser o caso, de ferramentas de comunicación a distancia)

Reunións dos órganos colexiados:

1. **Claustro:** levaranse a cabo preferentemente vía telemática ou, de ser presencial, no salón de actos.
2. **Consello escolar:** empregárase preferentemente a vía telemática.

Id.	Medidas de carácter formativo e pedagógico
-----	--

57. Formación en educación en saúde (de conformidade coas previsións do plan de formación do profesorado e cos programas formativos existentes no centro intensificarase a educación en saúde, particularmente na prevención fronte a COVID-19, no plan existirá unha previsión das actividades que ao longo do curso se realizará co alumnado e unha previsión xeral do carácter transversal da prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2)

- Ao longo de todo o curso e de xeito transversal terá un carácter prioritario a prevención e hixiene fronte á COVID-19.
- Diseñaranse e implementaranse actividades de educación para a saúde que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa. As actividades quedarán recollidas no Plan de Acción Titorial.
- Con respecto a este punto, cumpriranse coas premisas descritas no protocolo das Consellerías de Educación e Sanidade.

58. Difusión das medidas de prevención e protección (o Plan regulará a difusión da información das medidas de prevención e a distribución das medidas e comunicacións que realice a Consellería de Sanidade e a de Educación, así mesmo, en colaboración co centro de saúde de referencia, incluírá posibles charlas do persoal sanitario sobre a prevención e protección; establecerase a información que será de uso obrigado na web do centro).

- Empregaranse todas as canles de comunicación para a difusión de toda a información de relevancia con respecto a este tema, en especial ás enviadas polas Consellerías de Educación e Sanidade.
- Do mesmo xeito, facilitarase o acceso a documentación e charlas formativas de interese.

O equipo COVID debe asegurar que a información sobre os protocolos de actuación e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde implantadas nos centros educativos chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa:

- Proporcionarase información e facilitarase a adquisición de habilidades sobre as medidas de prevención e hixiene aos traballadores/as do centro educativo, que á súa vez facilitarán a comunicación ao resto da comunidade educativa.
- Comunicarase (incluída a publicación na web) a información a todas as familias, mantendo unha canle dispoñible para a solución de dúbidas que poidan xurdir
- Potenciarase o uso de infografías, carteis e sinalización que fomenta o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene. Coidarase que esta información sexa actualizada no caso de que cambien as indicacións das autoridades sanitarias.

59.	<p>Profesorado coordinador da xestión e dinamización dos classroom (o plan determinará o profesorado que, en función dos seus coñecementos e experiencia, será o encargado de coordinar a implantación dos classroom, a comunicación coas persoas asesoras Abalar ou Dixital e coa UAC; o persoal docente designado colaborará cos compañeiros que teñan maior dificultade na implantación das aulas e divulgará as accións de formación que estean dispoñibles para o conxunto do persoal docente e dos contidos existentes —engadir unha fila por profesor/a—)</p> <p>- Todo o profesorado do centro ten unha formación básica que lle permite empregar Google Classroom e a plataforma educativa, como quedou demostrado ao longo do curso 19/20.</p> <p>- En calquera caso, o coordinador do equipo Tics será o responsable do traballo de mantemento da plataforma, páxina web. O resto de funcións (comunicación coa responsable Abalar de zona, divulgar accións de formación...) tamén forman parte das tarefas do equipo Tics, polo que non supón ningún cambio.</p> <p>EQUIPO TICS Juan Rubén Fernández Fernández – Coordinador Tic 1- Responsable CDD (competencia digital docente) – Responsable mantemento páxina web, plataforma, redes, estrutura rede wifi... José Martín Gómez Segura – Coordinador Tic 2 – Responsable Abalar e responsable e mantemento de Ipads e Chromebooks. M^a del Pilar Melero González – Responsable CDD Secundaria - Responsable mantemento Surface e aula informática. Os coordinadores de ciclo: M^a Elena Arias Delgado, Ana Belén Amigo Vázquez, Ana Belén Real Álvarez e Sergio Romero Rodríguez.</p>
------------	---

60.	<p>Previsións derivadas do documento “Instrucións de inicio de curso” (o plan poderá conter aquelas previsións existentes no documento de “Instrucións de inicio de curso” aprobadas pola Dirección Xeral que teñan relación coas medidas de adaptación ao contexto da COVID-19 e que deban ser coñecidas polo conxunto da comunidade educativa)</p>
------------	---

O Equipo Directivo en colaboración coa Orientadora elaborarán un **Programa de Acolida** que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolverá nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas.

A **avaliación inicial** realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.
- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as e decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

As **programacións didácticas** incorporaran as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como unha transición posible ao ensino non presencial, se esta fose necesaria. Elaboraranse contemplando os posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

Para un correcto inicio e desenvolvemento do curso 2020/2021, os equipos docentes elaboraran plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2019/2020.

A partir dos informes individualizados elaborados ao finalizar o curso 2019/2020 e da avaliación inicial, reforzaranse os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior, os cales serán previamente determinados polos equipos docentes e departamentos didácticos, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O plan de reforzo desenvolverase mediante axustes curriculares, segundo as necesidades individuais do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial, e estenderase, a lo menos, durante o primeiro trimestre do curso 2020/2021.

Na **atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)** coidarase que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e asegurárase a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas.

Deseñaranse e desenvolveranse plans de recuperación dos aspectos curriculares afectados pola suspensión da actividade lectiva presencial no curso 2019/2020, incluíndo neles as medidas de atención a diversidade en xeral e en particular as referidas ao alumnado con NEAE.

Os **Departamentos de Orientación** reforzarán as actuacións dirixidas a identificación das necesidades educativas ocasionadas pola situación de pandemia en coordinación coas persoas titoras, as medidas e programas para a atención das mesmas así como as accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa. Estas medidas e accións concretaranse no Plan de orientación académica e profesional, Plan de acción tutorial e concreción anual do Plan Xeral de Atención a Diversidade e na PXA.

ENSINO NON PRESENCIAL:

Ao abeiro do establecido no Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020/2021, os centros elaboraran un “Plan de Continxencia” no que se establecerán as medidas que se adoptarán no caso de suspensión da actividade lectiva para facer efectivo o ensino non presencial e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

No suposto de ensino non presencial, os centros educativos adoitarán as medidas establecidas no apartado 29 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID-19. O profesorado, preferentemente a través da aplicación Google Classroom na que estarán matriculados todos os alumnos a principio de curso, determinará as tarefas a realizar polo alumnado garantindo a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua.

Educación infantil: Ao abeiro da Disposición adicional segunda da Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/2021 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, establécese que o período de adaptación do alumnado de 4º de Educación Infantil terá a duración mínima para acadar os seus obxectivos e este curso e, en todo caso, non se prolongará máis alá do día 30 de setembro de 2020.

Ademais dos obxectivos propios deste período incluíranse os relacionados coa formación sobre o Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021 que cada centro estableza (acceso ao centro e desprazamentos, hixiene de mans, uso dos espazos e materiais, etc).

Resulta imprescindible reforzar a comunicación do profesorado coas persoas proxenitoras ou da titoría legal do alumnado para informalos do Plan de adaptación a situación COVID-19 no curso 2020/2021, así

como do Plan de continxencia para responder a potenciais novos períodos de alteración ou suspensión da actividade lectiva, provocados pola situación sanitaria, co fin de garantir o adecuado desenvolvemento da actividade educativa.

O alumnado de Educación Infantil precisa establecer vínculos afectivos co profesorado e cos iguais que lle dean confianza para explorar as posibilidades que lle ofrece o entorno escolar. Esta circunstancia é especialmente relevante no caso do alumnado de 4º de Educación Infantil que se escolariza por primeira vez no centro. Propiciaranse contornas escolares saudables e seguras a través de medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde adaptadas a esta etapa educativa e atenderase ao benestar emocional deste alumnado.

O profesorado realizará unha adaptación das programacións incorporando os obxectivos, contidos e aprendizaxes que, polas circunstancias especiais do terceiro trimestre do curso 2019/2020, non foran abordados e que resulten imprescindibles para continuar coa programación do curso ao que pertence o alumnado no curso 2020/2021.

Educación primaria: Durante o primeiro trimestre, adoptaranse as medidas necesarias para favorecer a transición do grupo entre as etapas de Infantil e Primaria que se basearan na información que consta nas correspondentes Memorias finais, en canto as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas, así como nos informes individualizados do alumnado elaborados ao final do curso 2019/2020. Á vista destes informes, o profesorado organizará plans de recuperación e reforzo, coa colaboración co departamento de orientación, para aquel alumnado que presente algunha necesidade educativa e/ou emocional.

A planificación do curso 2020/2021 precisa do traballo colaborativo do profesorado de Primaria e o profesorado de Educación Infantil para o desenvolvemento de programacións didácticas globalizadas baseadas en metodoloxías que non supoñan unha ruptura abrupta respecto das empregadas durante a etapa educativa que o alumnado ven de rematar.

O informe individual valorativo do traballo realizado polo alumnado no curso 2019/2020 deberá ser tido en conta de cara a realización da programación do curso 2020/2021. Do mesmo xeito, a avaliación inicial será especialmente relevante no comezo deste curso para a detección das posibles aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no 3º trimestre do curso 2019/2020.

É necesario prestar especial atención a transición entre niveis dentro desta etapa. No caso de Educación Primaria o informe individual será de especial relevancia xa que conta cun carácter informativo e orientador, detallando aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas a causa das circunstancias do terceiro trimestre, e que deberán ser obxecto de tratamento durante o curso escolar 2020/2021.

Será especialmente necesaria a colaboración entre os equipos docentes para atender ao alumnado de forma coordinada nos aspectos educativos e emocionais

61. Difusión do Plan (o “Plan de adaptación á situación COVID-19” é un documento público do centro que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa, será obxecto de difusión na páxina web do centro e por aquelas canles que o centro considere oportunas)

O Plan presentárase ós profesores nun claustro e afondárase nel en reunións establecidas e publicarase na plataforma educativa e na páxina web para que o coñezan todas as familias a principios de setembro. Ademais, organizaranse reunións para que estas o coñezan antes do inicio do curso escolar. Tamén será publicado na páxina web do centro, informado o Consello Escolar e enviado á Inspección Educativa.

ANEXOS

ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		



ANEXO II

DECLARACIÓN COVID INICIO DEL CURSO 2020-2021

YO, _____, PADRE / MADRE / RESPONSABLE LEGAL 1, CON
DNI _____
Y YO _____, PADRE / MADRE / RESPONSABLE LEGAL 2, CON
DNI _____
DEL/ DE LA AMUMNO/A _____, DEL CURSO _____

DECLARAMOS QUE:

- No tiene síntomas compatibles con la COVID-19 (fiebre, tos, dificultad respiratoria, malestar, diarrea...) o con cualquier otro cuadro de infección.
- No es ni ha sido positivo para SARS-CoV-2 durante los 14 días anteriores.
- No ha estado en contacto estrecho con positivo confirmado y conocido por mí/nosotros o con personas con sintomatología compatible en los 14 días anteriores.

NOS COMPROMETEMOS A:

- Informar al Colegio de la aparición de cualquier caso de COVID-19 en el entorno familiar del alumno/a y a mantener comunicación con el centro ante cualquier incidencia.
- Vigilar diariamente el estado de mi hijo/a, tomándole la temperatura antes de salir de casa para ir al centro.
- Que en caso de que tenga fiebre o presente alguno de los síntomas compatibles con el COVID-19 no asistirá al centro.
- Informar al colegio, a través del tutor/a y/o del servicio médico si lo tuviera suscrito, de las posibles patologías o circunstancias que puedan hacer del alumno/a, susceptible de ser especialmente sensible al contagio por SARS-CoV-2: enfermedades cardiovasculares o hipertensión arterial, diabetes, enfermedades pulmonares crónicas, enfermedad hepática crónica severa, insuficiencia renal crónica, inmunodepresión, obesidad mórbida, cáncer en tratamiento activo.

NOTA:

1. Todas las personas que se presenten en el centro deberán cumplir con las medidas de seguridad e higiene que establezca el colegio y estén recogidas en el Protocolo COVID. Estas medidas serán siempre las dictadas por las autoridades sanitarias y educativas.
2. El alumnado que presenta condiciones de salud que les hacen ser susceptibles de ser más sensibles o vulnerables para el contagio de COVID-19, podrá acudir al centro siempre que su condición clínica esté controlada y no haya contraindicación justificada fehacientemente mediante documento firmado por un médico.

Y para que así conste, firmo la presente declaración en _____, a _____ de _____ de 2020

Firma del padre/madre/representante legal 1

Firma del padre/madre/representante legal 2

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable: FUNDACIÓN EDUCATIVA FRANCISCANAS ANA MOGAS

DPO: dpo@edu.anamogas.org

Finalidades: En caso de detectarse situaciones compatibles con sintomatología COVID-19, el colegio comunicará dicha situación a las Autoridades sanitarias competentes de acuerdo con la normativa estatal y autonómica vigente.

Legitimación: Consentimiento del interesado.

Destinatarios: No se cederán datos a terceros, salvo obligación legal o autorización.

Derechos: Acceder, rectificar y suprimir los datos; y otros explicados en la información adicional.

Info adicional: <https://anamogas.org/> o Calle Santa Engracia, 140. 20003 - Madrid

ANEXO III REXISTRO LIMPEZA ASEOS.....

SEMANA..... **MES**

DÍA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
HORA					
SINATURA					
HORA					
SINATURA					
HORA					
SINATURA					

ANEXO IV REXISTRO VENTILACIÓN AULAS.....

SEMANA..... **MES**

DÍA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
HORA					
SINATURA					
HORA					
SINATURA					
HORA					
SINATURA					
HORA					
SINATURA					
HORA					
SINATURA					

